

ROGO DE AER RELATIVA A ORDENANZA MUNICIPAL DO USO DO GALEGO NO CONCELLO DE REDONDELA. (Rex. Entrada 26.09.2018, 2018-E-RC-12601).

PLENO 27 SETEMBRO 2018. ACTA 11/2018

“O noso Concello foi pionero na galeguización da Administración Local, sendo un exemplo a seguir para outros concellos no traballo a prol da Normalización Lingüística. Podemos presumir que Redondela é un dos 50 concellos galegos que dispón dun Servizo de Normalización Lingüística , e que somos un dos 16 concellos que cobren este servizo con persoal fixo ou funcionario; persoal que por certo desenvolve a súa función dun xeito extraordinario.

Hai 20 anos aprobamos a Ordenanza Reguladora do Uso do Galego no Concello de Redondela, que significou un gran paso para o uso norma do galego nas actuacións administrativas e nas relacións coa cidadanía. Pero podemos ir mais aló: 14 anos antes, en setembro de 1984, as actas dos plenos do Concello de Redondela redactáronse de xeito precursor en Galiza, por primeira vez integramente en galego. Na sesión que celebramos hoxe poderíamos conmemorar que fai exactamente 34 anos, o Concello de Redondela decidiu impulsar e normalizar o uso da lingua galega na comunicación administrativa. Pero estes xestos históricos e esta ordenanza quedan en papel mollado se o Goberno Local non se esforza en cumprila. Quedan moi bonitos os actos institucionais e os discursos do Alcalde a favor do noso idioma; tamén quedan moi bonitas as fotografías de placas conmemorativas sobre sentenzas en galego na fachada da Casa do Concello. Pero moito máis bonito sería se ademais o goberno local do noso Concello cumprise a súa propia ordenanza.

A Ordenanza Reguladora do Uso do Galego no Concello de Redondela, no seu artigo 7, si:

*“Os estudos, **proxectos** e traballos semellantes de consultoría, asistencias concretas non habituais, servizos específicos e traballos concretos non habituais, así como calquera outra de prestación de servizos técnicos que o Concello encargue a terceiros dentro do ámbito territorial galego, **terán que ser redactados en galego**, aínda que a súa finalidade esixa, tamén, noutras linguas.*

Pero desgraciadamente comprobamos como numerosos proxectos encargados polo noso Concello non están en galego. Por exemplo, por citar uns poucos, o proxecto de reforma do campo de fútbol do Viso, encargado a unha empresa de Redondela, non está en galego; ou o proxecto do parque infantil e pista de skate en Ventosela, e tamén o proxecto do parque infantil dos Eidos, encargados a unha empresa de Vigo; tampouco están en galego.

A Ordenanza Reguladora do Uso do Galego no Concello de Redondela, no seu artigo 2, di:

*“O Concello de Redondela empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas e nas **relacións cos cidadáns**”.*

E no artigo 10 di:

*“Os **cargos do Concello expresaranse normalmente en galego** nos actos públicos celebrados en Galicia, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.”*

Pois lamentablemente comprobamos como recentemente un concelleiro de goberno non só oficiou unha voda dunha parella, que naceu e habita no noso concello, sen facelo en galego,

senón que incluso engadiu no seu discurso o poema de Mendiño “*Sedíame eu na ermida de San Simón*” traducido adrede ao castelán. Tamén comprobamos como outra concelleira de goberno, no acto institucional con motivo do día de Rosalía de Castro, decidiu recitar uns versos en castelán, precisamente durante o recoñecemento a unha figura tan galeguista como Rosalía.

Ademais, son constantes as intervencións do noso Alcalde sen falar en galego nas desconexións locais de radios como a “Cadena SER” ou a “Cadena COPE”. Xustamente a persoa responsable da Concellería de Normalización Lingüística é a primeira en desnormalizar o uso do galego incumprindo a nosa ordenanza.

Por todo o anteriormente exposto, rogamos ao goberno local que cumpra a ordenanza Reguladora do Galego no Concello de Redondela.

Resposta: sra. Amoedo: atendemos o rogo. Moitas cousas das que di non son certas. Cando se ofician as vodas o primeiro que se pregunta ás parellas é en que idioma queren que se oficie. Respecto do Alcalde, por norma xeral fala en galego, pero non debe esquecerse de que temos dous idiomas e cooficiais. Se o entrevistador lle fala en castelán el constesta en castelán. Non debemos radicalizarnos.

Respecto dos proxectos entendo que unha maioría están en galego. Cando se fala cos proxectistas se lles pide que se fagan en galego.